

FIXA_RSE

O BOLETÍN DO OBSERVATORIO GALEGO DA RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL



Consellería de Economía, Emprego e Industria - setembro 2016 — Nº 8

Contido:

EDITORIAL

<i>Que é a industria 4.0?</i>	2
<i>Crónica do III RSEncuentro</i>	6
<i>Coñece a ferramenta SGC Compass</i>	10



TWEETS
DESTACADOS

[#Responsabilízate](#), programa de tutela da @Xunta en materia de [#RSE](#), sen custo para a empresa <http://ow.ly/isrn302uNPq>. Participa!

As novas formas de colaboración entre empresa e sociedade civil, claves para o desenvolvemento sustentable <http://ow.ly/28aC301wtCf> [#RSE](#)

[#Galicia súmase a #Enterprise2020](#) de foretica, centrada no [#emprego da mocidade](#) <http://ow.ly/axy3301vJex> [#RSE](#)

Novos modelos de industria para novos retos

A industria e a tecnoloxía teñen un papel fundamental na creación de novos empregos, cualificados e con valor engadido. Nos últimos anos, o desenvolvemento tecnolóxico e a aparición de novos modelos de industria supuxeron unha revolución. A incorporación das novas tecnoloxías da información e a conectividade a través de redes son factores que supoñen concibir a industria dunha forma totalmente nova.

Son modelos de industria cunha xestión máis horizontal, en permanente conexión co mundo. Galicia ten exemplos de empresas, grandes, medianas e pequenas, que souberon crecer; adaptarse ás necesidades dun mercado global. Estas empresas son modelos de negocio reais e representan a capacidade da industria para reconverterse, para adaptarse e ser capaz de responder os novos retos que a realidade social expón.

Desde estas páxinas animamos a todas as empresas, independentemente do seu tamaño, a evolucionar sen perder a súa esencia; para ser capaces de construír entre todos un tecido produtivo galego máis moderno, a industria galega 4.0

Un saúdo,

Covadonga Toca Carús
Secretaría xeral de Emprego.
Consellería de Economía,
Emprego e Industria
Xunta de Galicia



CRÉDITOS | Edita: Secretaría Xeral de Emprego — Consellería de Economía, Emprego e Industria

Elaboración e maquetación: CIMAS | ISSN:2386-3951

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución — Compartir Igual 3.0 España de Creative Commons

Para ver unha copia da licenza, visite: <http://creativecommons.org/licenses/by/3.0/es/deed.es>



XUNTA DE GALICIA

Que é a industria 4.0?

Tras a máquina de vapor, a electricidade e a automatización, un novo concepto comezou a estenderse entre os modelos de produción: a industria 4.0. Fronte aos modelos tradicionais de concibir os medios produtivos, a nova revolución industrial está en marcha. Ciber-fábrica, Smart-industria ou produción intelixente. Diferentes etiquetas para un mesmo concepto: utilizar ao máximo as capacidades que ofrece internet e as novas tecnoloxías.

Neste proceso entran en xogo, entre outros aspectos, conceptos como a internet das cousas (a interconexión dixital de obxectos cotiáns coa internet), a cultura de "fágao vostede mesmo", as fábricas conectadas e tecnoloxicamente máis avanzadas, xunto a unha man de obra cualificada. Todo poñendo o acento no feito de enfocar a dixitalización das empresas cara a unha construción da economía máis colaborativa e cooperativa.


O salto cara a unha nova forma de crear bens e servizos caracterízase por integrar a intelixencia artificial na xestión da empresa: control remoto de procesos físicos, comunicación on-line continua, así como unha maior flexibilidade no propio



modelo de xestión da empresa, máis permeable ás necesidades globais sen perder de vista a perspectiva local. O reto será combinar a transformación dixital das empresas sen que iso supoña unha substitución de man de obra. Máis ben a industria 4.0 debería servir para potenciar o desenvolvemento de capacidades tecnolóxicas e a creación de emprego cualificado nos diferentes sectores produtivos. Non hai que esquecer que nesta nova industria as fronteiras quedan diluídas: a creación compartida é un dos seus trazos máis característicos. Isto supón que persoas externas á empresa, independentemente de onde se atopen, acheguen e colaboren á hora de deseñar ou construír un produto. Por iso, neste camiño que inicia a cuarta revolución tamén se han de incorporar aspectos estreitamente ligados aos novos modelos de xestión do traballo: horarios flexibles, teletraballo, colaboración entre diferentes perfís profesionais a nivel global.



A industria 4.0 tamén é un modelo máis eficiente. As melloras en termos de aforro de enerxía e eficacia no consumo de recursos materiais son clave no novo modelo de industria 4.0. Grazas á interconexión, a xestión de aspectos como consumos, necesidades enerxéticas, xestión de residuos ou control de emisións pódese levar a cabo en tempo real, axustando as demandas internas e externas, optimizando os gastos. O modelo 4.0 tamén apoia a creación e produción de proximidade, grazas ao desenvolvemento da impresión 3D. Grazas a isto, o transporte e as necesidades de loxística serán menores, permitindo unha adaptación maior á clientela e unha redución na pegada ambiental do produto. Integrar aspectos en clave de RSE permite que o desenvolvemento tecnolóxico vaia da man dun mellor desempeño en sustentabilidade das industrias.



Que é a industria 4.0?

Por outra banda, os novos modelos de negocio xeran novos riscos derivados da hiperconectividade. Nun mundo cada vez máis conectado, o risco de sufrir ciberataques tamén se incrementou. Implementar os mecanismos para garantir a máxima seguridade á hora de tratar os datos de clientes, provedores, empregados e todos os elementos da cadea de valor será unha peza crave nas empresas que aposten pola conversión 4.0.

Facer realidade a industria 4.0 supón dar resposta a numerosos retos e barreiras, pero superados estes desafíos, o sector empresarial será capaz de xerar un modelo colaborativo de innovación industrial máis sólido.


En resumo, o próximo salto evolutivo cara á industria 4.0 virá marcado por:

- Maior integración da tecnoloxía na xestión vertical da empresa, acurtando as distancias oferta/demanda e cunha maior eficiencia no uso de recursos materiais, enerxéticos e a xestión de persoas.

- Por outra banda, a integración horizontal da tecnoloxía fai que a xestión da cadea de valor se realice a tamaño real, achegando mellor control, máis transparente, máis eficaz.

- A maior conexión entre sectores fai que a fronteira entre disciplinas se dilúa, achegando maior valor engadido aos produtos e servizos; e mellorando os seus ciclos de vida.

- A industria 4.0 como modelo produtivo capaz de achegar respostas e solucións máis específicas, máis áxiles e flexibles. Un modelo rastrexable e transparente para as diferentes partes interesadas. ♦



Crónica do III RSEncuentro



O pasado mes de xuño, Santiago de Compostela acolleu o III RSEncuentro. Durante tres días, persoas vidas do mundo da xestión empresarial, o terceiro sector, organizacións educativas e administracións públicas reuníronse para xerar ideas ao redor da RSE. Diversidade de compoñentes e de formatos para profundar no coñecemento da responsabilidade social. O encontro, no que colaborou e participou a Consellería de Economía, Emprego e Industria, foi inaugurado polo conselleiro.

Na súa intervención, Francisco Conde puxo de relevo como desde a Administración pública galega impulsa diversas accións e proxectos para que as empresas galegas, de todos os tamaños, avancen no seu coñecemento e aplicación da RSE. Acompañaron ao conselleiro Tatiana Suárez, directora de RSC de Abanca; Carmen Martí, da Fundación Novaterra e impulsora dos RSEncuentros, e Noelia López, socia de IntheMOVE, consultora galega encargada da coordinación do III RSEncuentro.



A sede de Abanca, en Santiago de Compostela, foi o lugar que acolleu a celebración do III RSEncuentro.

Durante tres días, Santiago converteuse no epicentro da responsabilidade social a nivel nacional



Durante a primeira xornada, as persoas asistentes participaron nunha primeira sesión de traballo, centrada na xestión dos grupos de interese. Baixo a dinámica dun Café do Mundo, achegáronse ideas e intercambiaron puntos ao redor de como xestionar a comunicación cos grupos de interese, ferramentas para a comunicación e accións prácticas. Ademais, durante os descansos ao longo dos tres días, un market place deu a coñecer diferentes proxectos con implicación social e ambiental. Unha oportunidade para achegarse e coñecer empresas innovadoras que traballan pola responsabilidade social en Galicia.

A segunda xornada alternou diversos tipos de sesións. Pola mañá, as persoas que quixeron, tiveron oportunidade para visitar a planta de Trameve, unha organización pertencente a Cogami que xestiona vehículos de forma sustentable. En paralelo desenvolvéronse ata un

total de oito talleres, pensados para desenvolver habilidades ao redor de temas concretos. Conceptos como mapeo dos grupos de interese, modelos de organización, márketing verde ou procesos participativos foron traballados desde unha perspectiva completamente práctica e enfocada a obter os máximos resultados.

Unha das sesións que maior interese despertou foi a conversación cos responsables de RSC de Abanca. Nun encontro próximo, de ti a ti, as persoas asistentes puideron intercambiar opinións e puntos de vista sobre a acción do banco galego en materia de RSE. Serviu tamén para resolver dúbidas acerca da súa obra social, a xestión da información e a resposta da entidade ante novos escenarios sociais no territorio galego.

Crónica do III RSEncuentro



Pola tarde, foi a quenda de escoitar experiencias

Made in Galicia. Nun formato máis próximo, compartíronse historias de proxectos arraigados ao territorio e con alta implicación social. O primeiro proxecto foi Saraiva, un centro residencial todo nun para maiores que integra fogar, unidades de convivencia e de memoria e centro de día. A segunda experiencia foi Arqueixal, unha experiencia rural a través da cal coñecer o modo de vida da zona. Seguiulle Galletas Daveiga, unha empresa de produción de galletas que conseguiu un modelo de produción responsable.

Pola súa banda, Promove compartiu o seu modelo de xestión de servizos públicos/privados, grazas á explotación compartida de determinados recursos. O proxecto Discamino demostrou que con vontade non existen barreiras. Unha iniciativa que axuda a que todas as persoas poidan completar o Camiño de Santiago.

A Fundación Lonxanet tamén compartiu a súa experiencia desde a butaca. Un traballo para contribuír ao fortalecemento da pesca artesanal, a través da creación de vínculos co sector pesqueiro. Todo iso desde unha perspectiva de integración da sostenibilidade e a participación social. Por último, o proxecto Vojo pechou a presentación de experiencias compartindo esta aplicación, que permite descubrir, aos camiñantes, os aloxamentos e servizos que poden atopar na súa ruta.

Tras esta sesión, elixiuse a empresa gañadora do

meu proxecto en 1 minuto. A iniciativa escollida foi a presentada polo Grupo ASV "**Acompañámosche no teu camiño**". Un proxecto que integra unha visión innovadora sobre os servizos funerarios desde a perspectiva da responsabilidade social.

Pechou o día unha ruta polo centro histórico de Santiago, na que se puxo de relevo o papel das mulleres na construción da identidade da cidade. Unha ocasión especial para axuntar tapas e cultura dunha forma diferente.

A terceira e última xornada do RSEncuentro serviu para extraer as conclusións xerais, dun modo colaborativo, grazas ás achegas de todas as persoas asistentes. Novas linguaxes, novas formas de comunicar a RSE para facela extensiva ao conxunto da cidadanía. Para terminar, o peche do III RSEncuentro estivo protagonizado pola Fundación Cepaim, Diario Responsable e Bannister Global, xunto con IntheMOVE. Unha conversación distendida ao redor da comunicación e sobre a importancia de saber contar os aspectos máis próximos da RSE.

Este encontro, en definitiva, serviu para achegar posturas ante os retos que se expoñen para levar á práctica a RSE. Entre todas as persoas asistentes puxéronse sobre a mesa ideas innovadoras, visións prácticas e moita ilusión. Ingredientes básicos para poder seguir traballando por unha sociedade máis responsable.



Diversas imaxes ilustrativas doRSEncuentro. @RSEncuentro

Publicada a ferramenta *SGD Compass* en castelán



A ferramenta práctica *SDG Compass* (o compás dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, en diante, ODS), lanzada polo Pacto Mundial, xa ten a súa tradución ao castelán. Esta guía supón unha folla de ruta para que as empresas analicen como lles poden afectar estes ODS no seu negocio, de modo que poidan xerar oportunidades para situar a sustentabilidade no centro da estratexia.

Os ODS foron definidos para poder priorizar a acción en materia de desenvolvemento sustentable a nivel mundial. Cun limiar temporal fixado no anos 2030, preténdese mobilizar esforzos a todos os niveis, ao redor de metas comúns. Para iso resulta imprescindible a acción combinada de gobernos, empresas e sociedade civil.

Estes obxectivos foron deseñados para implicar, de forma explícita, a empresa privada. Trátase de que apliquen a creatividade e a visión innovadora que desenvolven na posta en común de solucións a estes retos. Son obxectivos o suficientemente amplos como para que todas as organizacións poidan atopar a maneira de facelos seus e poder contribuír á súa realización.

Para poder traducir os ODS a unha folla de ruta integrable na realidade das empresas existe a guía *SDG Compass*. En cinco pasos, as organizacións poden optimizar os ODS e contribuír ao seu desenvolvemento:

1- Entender que son os ODS. Analizar o seu contido e comprender as responsabilidades mínimas das empresas son o primeiro paso.

2- Priorizar. Non todas as empresas contribúen da mesma maneira aos ODS nin son igualmente relevantes para ela. Centrarse naqueles que teñen maior impacto na cadea de valor e, polo tanto, supoñen un maior risco e oportunidade son unha

boa maneira de priorizar. Ademais, asignar indicadores que permitan avaliar o resultado será unha forma eficaz de xestionar a información.

3- Obxectivos. Marcar obxectivos de sustentabilidade, acoutados no tempo e cuantificables, permite que a empresa avance tamén na súa responsabilidade social. Unha liña de base establecida combinada coa ambición que a empresa teña nesta materia será o punto de partida para comprometerse de maior ou menor maneira cos ODS.

4- Integración. A xestión diaria da sustentabilidade fai que as organizacións transformen todos os elementos da súa cadea de valor. Este cambio fai que as empresas traballen cada vez máis con aliados para mellorar o desempeño diario, o seu impacto e o seu alcance. Para iso, hanse de ancorar os obxectivos de sustentabilidade no negocio, integrándoos a través de todas as funcións.

5- Comunicar. A divulgación da sustentabilidade debe ir en liña coas demandas das partes interesadas, respondendo as súas necesidades na linguaxe máis adecuada. O progreso na consecución dos ODS permite crear sensibilidade cara a este tema, visibilizando o esforzo e alentando a outras organizacións para sumarse ao reto colectivo.

Na web de *SGD Compass* pódense atopar materiais complementarios para implementar os ODS: indicadores de negocio reais relacionados cos 17 obxectivos, ferramentas de negocio, exemplos e demais solucións para as empresas e organizacións. A tradución ao castelán está dispoñible a través desta [web](#).

Banco de ideas

O Banco de ideas é a canle para que as empresas, entidades e organizacións galegas poidan dar a coñecer as accións que levan a cabo en materia de responsabilidade social.; servindo de exemplo para os demais. Tamén informa a sociedade das accións que levan a cabo no tecido empresarial e social de Galicia.

Desde RSE Xunta de Galicia animamos as empresas para compartir a súa idea. Cada nova iniciativa pasará a formar parte da base de datos do noso banco. Entre todos, facemos crecer a RSE en Galicia.

Entra en rse.xunta.es e comparte a túa idea

Obxectivos de desenvolvemento sustentable

9 INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA



OBXECTIVO 9: INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA.

A infraestrutura básica como estradas, as tecnoloxías da información e as comunicacións, as redes de saneamento ou as subministracións de enerxía eléctrica e auga segue sendo escasa en moitos países e zonas en desenvolvemento. **Como poden axudar as empresas para reducir isto e que oportunidades pode supoñer para a empresa?** Nesta ocasión, analízase o noveno dos obxectivos de desenvolvemento sustentable marcados pola ONU. En concreto, este trata sobre a importancia da industria, a innovación e as infraestruturas.

Nos últimos anos fíxose patente que sen unha industria en consonancia cos criterios de sustentabilidade non se pode alcanzar un benestar humano a nivel global. Por iso, investir tanto en infraestruturas como en innovación supón impulsar o crecemento e o desenvolvemento económico. É unha realidade que máis da metade da poboación en todo o mundo vive en cidades. Isto condiciona o desenvolvemento actual e futuro, o transporte e a mobilidade ou os aspectos enerxéticos. O impulso á enerxía renovable é cada vez máis importante, así como todo o asociado aos novos modelos de industrias e as tecnoloxías da información e as comunicacións.

Neste sentido, aínda hoxe máis de 4.000 millóns de persoas aínda non teñen acceso a internet. Destas persoas, o 90% atópase en países en vías de desenvolvemento. Por iso, a redución da fenda dixital é crucial para garantir acceso igualitario á información e o coñecemento e, en consecuencia, para promover a innovación e o emprendemento. Abordar a diversidade de retos que se enmarcan neste noveno obxectivo é importante para poder avanzar. Por iso, a tecnoloxía debe poñerse ao servizo dos problemas ambientais e sociais, impulsar a xeración de emprego e non substituír a este. A eficiencia enerxética e a migración cara a modelos industriais máis sustentables son vías para consolidar unhas infraestruturas máis resilientes.

Para pasar á acción, ademais do financiamento governamental e a asistencia oficial para o desenvolvemento, desde a Nacións Unidas promóvese o financiamento do sector privado para os países que necesitan apoio financeiro, tecnolóxico e técnico. Desde este punto de vista, as empresas con capacidade tecnolóxica e de coñecemento poden formar parte de alianzas internacionais, ou multisectoriais, co fin de optar a poder desenvolver proxectos que permitan alcanzar as metas deste obxectivo. Como a propia ONU recoñece, o traballo industrializado ten un efecto multiplicador, ten un impacto positivo na sociedade. Cada posto de traballo na industria manufacturera crea outros 2,2 noutros sectores. ♦

Algunhas claves.

- As pemes que se dedican á fabricación e a transformación industrial son as máis críticas para as primeiras etapas da industrialización e adoitan ser as maiores creadoras de emprego. Elas constitúen máis do 90% dos negocios no mundo e representan entre o 50%-60% do emprego.
- Debido ao forte aumento de interese nas alternativas de enerxía, o posible número total de empregos das enerxías renovables para o ano 2030 é de 20 millóns.
- Os países menos desenvolvidos teñen un inmenso potencial para a industrialización de alimentos e bebidas (agroindustria), e os téxtiles e pezas de vestir, con boas perspectivas de xeración de emprego sostido e unha maior produtividade.
- Nos países en desenvolvemento, apenas o 30% da produción agrícola se somete a transformación industrial. Nos países de altos ingresos, o 98% procesase. Isto suxire que hai grandes oportunidades para os países en desenvolvemento na agroindustria.

Santiago de Compostela acolle a xornada de empresas saudables: do benestar á produtividade.



© Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais

O 18 de xuño, Santiago de Compostela foi a sede para debater ao redor das [empresas saudables e o seu impacto na produtividade](#). Organizada pola Sociedade de Prevención de Riscos Laborais, a Sociedade Galega de Medicamento do Traballo e a Asociación de Dirección e Desenvolvemento de Persoas en Galicia (Aedipe), a Xornada serviu para debater en torno ao impacto da promoción da saúde e a súa relación coas políticas de RSE.

Na apertura da xornada, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, puxo de relevo a importancia que a promoción da saúde no traballo ten para a Xunta de Galicia. Para actuar en consonancia, desde a Administración pública galega están a implementarse tanto políticas de prevención de riscos laborais como de responsabilidade social empresarial. A coordinación de ambas as visións permite que as accións se atopen máis integradas nas empresas e organizacións, logrando beneficios a máis longo prazo. Neste sentido, fíxose fincapé en que este traballo require dunha combinación de axentes, contando coas administracións públicas, as empresas, as persoas traballadoras e os diferentes axentes sociais.

Na primeira das mesas redondas profundouse sobre o binomio [empresas saudables e RSE](#). Nesta mesa, moderada pola subdirectora xeral de Relacións Laborais, María Coutinho, participaron, entre outros, Paul Tran, director de RRHH de Hijos

de Rivera, e Francisco Hevia, director de RSC de Calidade Pascual, referentes na promoción [do benestar na empresa](#). Durante a mañá desenvóléronse outra mesa redonda e unha conferencia centrada na promoción [da saúde no traballo](#), a cargo da xefa da Unidade Técnica de Medicina do Traballo e presidenta da Rede Europea de Empresas Saudables, M^a Dolores Solé Gómez.

Xa pola tarde, foi o momento de debater sobre temas tan diversos como o benestar físico, os [indicadores de saúde](#) e a [promoción da saúde no traballo, o benestar emocional ou a felicidade no traballo](#). Tamén durante a tarde estivo presente Christian Felber, profesor da Universidade de Economía de Viena e impulsor do movemento da Economía do Ben Común.

Esta xornada serviu para profundar e ir máis aló dos puros aspectos legais na materia, permitindo ás organizacións presentes e as persoas asistentes amosar o seu compromiso coas políticas de saúde integral nos centros de traballo. O obxectivo da xornada permitiu dar a coñecer e resaltar a importancia que teñen as organizacións que coidan da súa saúde para o benestar das persoas, a produtividade das empresas e a súa responsabilidade social. ♦

Vantaxes de integrar a diversidade nas empresas



A xestión da diversidade cultural non é responsabilidade exclusiva das empresas, senón que implica tanto a administración pública como o resto da sociedade no seu conxunto

1. Incremento da motivación interna

2. Maior eficiencia e creatividade

3. Maior capacidade de tolerancia

4. Impacto positivo na sociedade

5. Mellora da imaxe corporativa

Como integrar a diversidade?

Sensibilización entre as persoas traballadoras e nos grupos de interese

Procesos de captación e selección non discriminatorios

Promoción interna e acceso das mulleres a postos directivos

Facilitar a conciliación laboral e persoal

Comunicación inclusiva

Xestionar a diversidade na empresa é un reflexo da diversidade social. Canto máis preparada estea a cidadanía para asumir este proceso de evolución, máis fácil resultará que se integre na realidade das empresas.